

Irmandade Cabo Verde-Galicia

9-13 de decembro de 2013



www.fondogalego.org

www.facebook.com/fondogalego

www.twitter.com/fondogalego

Índice

- 1. Que é o Fondo Galego?**
- 2. Por que a Irmandade Cabo Verde-Galicia?**
- 3. Quen nos visita?**
- 4. Cales son os vínculos entre Cabo Verde e Galicia?**
- 5. Lista de proxectos do Fondo Galego en Cabo Verde**
- 6. Axenda da Irmandade Cabo Verde- Galicia**

CONTACTO FONDO GALEGO:

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas

Tel. 616 145 077

comunicacion@fondogalego.org

1. Que é o Fondo Galego?

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista que agrupa a concellos e deputacións de toda Galicia, unidos pola preocupación común de levar adiante iniciativas de cooperación e solidariedade con enfoque de Dereitos Humanos cos países menos desenvolvidos ou máis empobrecidos. Na actualidade o Fondo Galego conta con 92 [socios](#), 90 concellos e 2 deputacións provinciais: a da Coruña e a de Lugo. Os concellos socios representan a preto dun 70% da cidadanía galega.

A [Comisión Executiva](#), órgano directivo da asociación, ten representantes dos tres partidos políticos maioritarios en Galicia, de concellos grandes, medianos e pequenos, da costa ou do interior: a Comisión Executiva é plural.

A Secretaría do Fondo recae no Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional ([IGADI](#)) impulsor do modelo cooperativo da entidade municipalista e peza independente da sociedade civil, que axuda a enmarcar o proxecto dentro da acción exterior de Galicia nun horizonte longopracista e de calidade desde a súa fundación.

O Fondo Galego cumpriu durante o 2013 dezaseis anos, tendo cofinanciado preto de 150 [proxectos](#) de desenvolvemento, concentrando traballo con varios socios estratéxicos: **a Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos en Cabo Verde**, o INPRHU-Somoto en Nicaragua e a Oficina do Conservador de Santiago de Cuba. Cómpre destacar tamén que o Fondo artellou respostas en situacións de emerxencia, como as recentes de Gaza e Haití, ou a actual crise en Filipinas.

Máis alá do traballo propiamente municipalista e directo, que maximiza e caracteriza a nosa historia, o Fondo apoia ao tecido asociativo das ONGD galegas por medio de convocatorias anuais de proxectos que, repartidos entre América e África, suman máis da metade dos proxectos impulsados na modalidade coñecida como cooperación indirecta.

Tamén desde o ano 2003 o Fondo Galego executa proxectos anuais de sensibilización social, en colaboración coa Xunta de Galicia, que reparten por todo o país actividades socioculturais, de formación e análise ou de voluntariado internacional como [Vacacións con Traballo](#). Durante o ano [2012](#) realizáronse máis de 100 actividades en 71 concellos socios.

2. Por que a Irmandade Cabo Verde-Galicia?

O Fondo Galego comezou a cooperación bilateral coa [Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos \(ANMCV\)](#) no ano 2002. Desde aquela transcorreron **11 anos e 33 proxectos de cooperación internacional** centrados en áreas como a habitabilidade, o xénero, a saúde e a educación, principalmente nas illas de Santiago, Santo Antão e Maio, mais tamén con presenza nas illas de Fogo, São Vicente e Brava .

Nestes once anos os vencellos entre Galicia e Cabo Verde mediados polo [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#) non só atinxiron aos proxectos en terreo, senón que múltiples vínculos institucionais e persoais foron promovidos polo Fondo desde aquela, téndose producido entre outras accións: **11 asistencias técnicas vinculadas ao programa Vacacións con Traballo, un seminario sobre políticas de xénero en Galicia e Cabo Verde, a realización de varios documentos audiovisuais** ou distintas misións político-institucionais tanto en Cabo Verde como en Galicia.

Deste xeito e dentro do Plan anual 2013 do Fondo Galego, **a asociación municipalista decidiu visibilizar, sistematizar e pór en valor a relación entre os dous países**, por medio da organización dunha visita a Galicia dunha delegación caboverdiana que quixera dar conta do traballo acumulado froito das relacións bilaterais.

Desta maneira, a Irmandade pretende ser un punto de encontro e reflexión, primeiramente de tipo institucional, por medio dunha labor informativa e de transparencia coas e cos responsables políticos dos socios do Fondo Galego e da Xunta de Galicia.

En segundo lugar, a Irmandade é unha oportunidade ideal para que desde os concellos e as deputacións se proxecten os esforzos da administración local na defensa dos Dereitos Humanos Universais, por medio da política pública mancomunada que simboliza o Fondo Galego, presentando os seus resultados en Cabo Verde. Así, os encontros con asociacións de base municipal, ONGD e público en xeral, son actividades que abren ao Fondo Galego á sociedade.

Finalmente, a Irmandade é tamén o momento oportuno para pensarmos novos vínculos e estratexias a desenvolver entre Galicia e Cabo Verde, incorporando tamén a máis actores, máis agora que o Plan Director da Cooperación Galega se renovará para o trienio 2014-2017.

3. Quen nos visita?

- **Manuel de Pina, presidente da ANMCV e presidente da Cámara Municipal de Ribeira Grande de Santiago.**

Manuel de Pina é o máximo representante do municipalismo caboverdiano desde decembro de 2012, cando foi nomeado presidente da ANMCV tras as eleccións autárquicas (municipais) de abril dese mesmo ano, onde el mesmo foi electo coma Presidente da Cámara municipal de Ribeira Grande da illa de Santiago, curiosamente a localidade do país de maior procedencia da comunidade caboverdiana de Burela, o que tamén fará especialmente atractiva a visita ao Concello de Burela do luns 9 de decembro.

- **Rosa Lopes Rocha, presidenta da Cámara Municipal de Porto Novo.**

Rosa Lopes Rocha é a presidenta da Cámara de Porto Novo, na illa de Santo Antão. Actualmente, Porto Novo é a única localidade caboverdiana cunha muller alcaldesa, entre os 23 municipios de Cabo Verde. A súa presenza en Galicia xorde para pór en valor o traballo impulsado polo Fondo Galego en relación á cooperación en canto a igualdade de xénero. Ademais, durante o 2013 o Concello de Vigo cofinanciou da man do Fondo Galego un proxecto de xestión de residuos urbanos na Cámara Municipal de Porto Novo, polo que tamén se debe enfatizar a presenza da presidenta no Concello de Vigo durante todo o día 12.

- **Vlademiro Almeida Marçal**, xornalista do [Expresso das Ilhas](#).

A presenza do xornalista **Vlademiro Almeida Marçal** na delegación caboverdiana é toda unha novidade dentro das tradicionais Visitas ao Norte, actividade que o Fondo organiza periodicamente para visibilizar os seus proxectos nos países do Sur onde coopera, convidando a responsables municipais do Sur e a técnicas e técnicos vinculados aos proxectos de cooperación. Sen embargo, desta vez o convite ao xornalismo caboverdiano viu da necesidade de conectar Galicia e Cabo Verde durante a semana do 9 ao 13 de decembro, contando tamén co seu testemuño sobre o papel da cooperación internacional no desenvolvemento de Cabo Verde e nomeadamente a do Fondo Galego. O rol de Vlademiro Almeida Marçal será especialmente relevante no marco das **VIII Xornadas do Fondo Galego: Comunicación e Cooperación Internacional**, que se desenvolverán na Deputación da Coruña o 10 de decembro, Día dos Dereitos Humanos, mais tamén a súa participación nas distintas actividades da Irmandade.

4. Cales son os vínculos entre Cabo Verde e Galicia?

A República de Cabo Verde é un país da África Occidental, formado por un arquipélago de 10 illas e 5 illotes que conta con unha poboación de 494.400 habitantes, 120.000 dos cales viven na súa capital, Praia. **O portugués é a lingua oficial do país** e convive co crioulo, a lingua vehicular da sociedade. É país membro da CPLP (Comunidade de Países de Lingua Portuguesa) xunto a [Angola](#), [Brasil](#), [Guiné-Bissau](#), [Moçambique](#), [Portugal](#) e [São Tomé e Príncipe](#).

Antiga colonia portuguesa, Cabo Verde atinxiu a independencia en 1975. Na actualidade é unha república soberana e democrática, onde **o peso do municipalismo é moi importante**, sendo as autarquías locais elementos recoñecidos constitucionalmente.

Os vínculos culturais e sociais entre Cabo Verde e Galicia son fortes debido a similitude existente entre o portugués e o galego, o que é un valor engadido para as relacións internacionais institucionais e sociais entre os dous países. Para alén, a existencia dunha **comunidade caboverdiana, fortemente arraigada na costa norte de Galicia** (nomeadamente no Concello de Burela) fai que desde os anos 70 os dous países vivan xa dalgunha maneira conectados. Así, estes vínculos van máis aló do eido lingüístico e cultural e derivan en **relacións comerciais, institucionais ou académicas**.

No ámbito da cooperación internacional ao desenvolvemento, a relación de Galicia con Cabo Verde foi realizada principalmente desde o Fondo Galego, capitalizando este **o 87% dos investimentos realizados neste tipo de proxectos desde o 2002** ate a actualidade. Desde o ano 2003 Cabo Verde é considerado un país prioritario para o Fondo Galego. Tamén ten sido considerado como tal polo conxunto da Cooperación Galega. Neste sentido cabe salientar a importante relevancia económica que tiveron as achegas da Xunta de Galicia a Cabo Verde a través do Fondo Galego, que fan un total de 914.000 euros desde 2002 ate 2010, o que significa un 65% dos fondos investidos desde Galicia nestes proxectos.

Os proxectos realizados co apoio do FGCS en Cabo Verde visaron atinxir as **tres liñas prioritarias contempladas no Documento de Estratexia-País**: ordenación e xestión do territorio (70% do total investido desde 2002), fortalecemento institucional (21%) e creación de competencias técnicas (9%).

5. Listaxe de proxectos do Fondo Galego en Cabo Verde

Ano	Título	Parceiro	Orzamento total	Achega do Fondo ¹
2002	Construción de infraestruturas comunitarias básicas en Monte Sossego (Alto Pomba)	Cámara Municipal de São Vicente	40.909,09 €	40.909,09 €
	Construción de infraestruturas comunitarias básicas en Bela Vista (Pedreira)	Cámara Municipal de São Vicente	40.909,09 €	40.909,09 €
2003	Programa de actuación integral en Porto Rincão	Cámara Municipal de Santa Catarina	150.253,02 €	22.152,92 €
2004	Axuda á formación laboral e educación medioambiental en Cabo Verde	Cámara Municipal do Paúl	39.964,00 €	36.964,00 €
	Adquisición de equipamento para saneamento básico	Cámara Municipal de São Vicente	73.000,00 €	23.000,00 €
2005	Cooperativa gráfica en Santo Antão. Cara novos espazos de integración sociolaboral.	Cámara Municipal do Paúl	51.600,00 €	30.000,00 €
	Fortalecemento en novas tecnoloxías das Cámara Municipais caboverdianas: Adquisición de 22 licencias Arcview	ANMCV	40.000,00 €	40.000,00 €
	Rehabilitación do barrio Cha de Tiliza	Cámara Municipal do Paúl	38.479,00 €	21.112,62 €
	Apoio ao fondo comunitario na Illa do Maio	Cámara Municipal do Maio	15.000,00 €	15.000,00 €
	Reforzo no abastecemento de auga na Illa do Maio	Cámara Municipal do Maio	85.000,00 €	63.000,00 €
2006	Formación profesional básica en canalización hidráulica, electricidade básica e electricidade industrial	Cámara Municipal de São Lourenzo dos Órgaos	36.280,00 €	36.280,00 €

¹ Inclúese a aportación da Xunta de Galicia.

	Conexións domiciliarias en Flamengos	Cámara Municipal de São Miguel	22.312,00 €	22.312,00 €
	Construción dun centro sociocomunitario en Corda	Cámara Municipal de Ribeira Grande	44.406,00 €	36.280,00 €
	Construción dunha escola infantil en Covão Sanches	Cámara Municipal de Santa Cruz	22.675,00 €	22.675,00 €
	Capacitación de mocidade	Cámara Municipal de São Miguel	40.015,00 €	33.666,00 €
	Construción dunha escola en Santa Catarina do Fogo	Cámara Municipal de Santa Catarina do Fogo	36.280,00 €	36.280,00 €
	Plans directores ambientais municipais	ANMCV	5.000,00 €	5.000,00 €
	Diagnose da capacidade municipal	ANMCV	5.000,00 €	5.000,00 €
	Abastecemento de auga potable na Cámara Municipal de Saõ Filipe	Cámara Municipal de São Filipe	68.025,00 €	68.025,00 €
2007	1ª fase: Conexión á rede de abastecemento de auga no barrio Ponta D'Água	ONG CITI HABITAT	188.258,00 €	123.000,00 €
	Plaidoyer para aumentar a participación das mulleres nas listas para as eleccións autárquicas de 2008	ICIEG	49.016,73 €	34.415,76 €
2008	2ª fase. Conexión á rede de abastecemento de auga no barrio de Ponta D'Água	ONG CITI HABITAT	134.700,00 €	123.000,00 €
	Apoio á implementación de políticas locais con perspectiva de xénero	ICIEG	73.542,37 €	54.918,20 €
2009	Abastecemento de auga e saneamento para as zonas de Cabeça Monte, Inhuco e Lagariça	Cámara Municipal de São Filipe	98.169,87 €	73.568,61 €
	Centro comunitario: espazo ao servizo das comunidades de Alcatraz e Pilão Cão	Cámara Municipal de Maio	61.175,33 €	29.371,18 €

	Implementación do Plan municipal de igualdade e equidade de xénero no municipio do Paúl	Cámara Municipal do Paúl	60.616,42 €	47.040,82 €
	Recalificación urbana	Cámara Municipal do Paúl	59.992,81 €	55.000,00 €
2010	Extensión da rede de auga e a súa conexión aos domicilios no municipio da Brava	Cámara Municipal da Brava	16.190,00 €	12.840,00 €
	Apoio á construción de cuartos de baño na illa do Maio	Cámara Municipal de Maio	151.667,76 €	49.200,00 €
	Elaboración do III Plan de Desenvolvemento da Illa de Santo Antão	AMSA (Asociación de municipios de Santo Antão)	71.359,00 €	41.475,00 €
2011	Rehabilitación das casas de Eito II (lugar de Lombo Comprido)	Cámara Municipal do Paúl	61.802,62 €	48.000,00 €
2013	Mellora na xestión de residuos na Cámara de Porto Novo	Cámara municipal do Porto Novo	29.672,64 €	26.598,23 €
	Dinamización da agricultura para promover un desenvolvemento sustentable en Santa Cruz	Cámara Municipal de Santa Cruz	37.855,00 €	31.536,57 €

6. Axenda da Irmandade Cabo Verde- Galicia

Luns, 9 de decembro

10:00 **Deputación de Lugo.** Visita institucional.

12:30 **Espectáculo de contacontos** ‘Antía, Wamba e o regato pequeno’ da Tropa de Trapo. Na Casa da Cultura, cos tres colexios do Concello de Burela. Saúdo de apertura da delegación caboverdiana e autoridades locais.

13:30 **Concello de Burela.** Visita institucional.

18:00 **Encontro/Coloquio coa comunidade caboverdiana** en Burela na Casa da Cultura.

Martes, 10 de decembro

9:30 - 14:30 **Deputación da Coruña. VIII Xornadas do Fondo Galego: Comunicación e Cooperación Internacional.**

19:00 **Concello de Oleiros, no Castelo de Santa Cruz. Inauguración da exposición fotográfica sobre Cabo Verde de Rober Amado,** gañador do certame Imaxes con Fondo 2012.

Mércores, 11 de decembro

10:00 **Xunta de Galicia e Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.** Visita institucional.

11:30 - 14:30 **Fegamp.** Visita institucional, rolda de prensa e **Encontro co municipalismo galego. ‘O municipalismo en Cabo Verde: realidade e desafíos’.**

17:30 **Concello de Cambre.** Visita institucional e visita guiada ao Museo romano e a Igrexa de Cambre.

Xoves, 12 de decembro

10:30 **Concello de Vigo.** Visita institucional ao Concello e rolda de prensa.

12:00 **Espectáculo de contacontos** ‘Antía, Wamba e o regato pequeno’ da Tropa de Trapo. No auditorio municipal con colexios do Concello. Saúdo de apertura da delegación caboverdiana e autoridades locais.

19:00 **‘Encontro da sociedade civil galega con Cabo Verde’** coorganizado co Consello Municipal de Cooperación do Concello de Vigo, no Centro social de Coia.

Venres, 13 de decembro

11:00 **Concello de Redondela.** Visita institucional e encontro co tecido asociativo local.

17:00 **Concello de Allariz.** Visita institucional e encontro co tecido asociativo local.

CONTACTO FONDO GALEGO:

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas

Tel. 616 145 077

comunicacion@fondogalego.org